



## **ESCOLA DE NAIS E PAIS CURSO 2019-2020**

O **obxectivo** fundamental desta actividade será dar apoio educativo e psicolóxico ás familias axudándoas na difícil tarefa de educar, solucionando as súas dúbidas e explicando as diferentes etapas polas que van ir pasando os seus fillos. A estratexia na exposición será a través de exemplos prácticos, baseados na vida cotiá e na experiencia das persoas orientadoras que van impartir estas charlas.

Ofertamos a escola pero sen fixar lugar, horario e datas de forma que se concretará cos que inicialmente estean interesados para asegurar a súa participación. As sesión serán as seguintes:

### **1. Uso responsable das redes sociais.**

A importancia de manter a privacidade e os principais problemas asociados a un uso inadecuado das redes sociais: ciberacoso, grooming,...

### **2. Violencia de xénero. Prevención e intervención.**

Identificación de situacións de violencia de xenero e o papel dos pais e nais na súa prevención e intervención. Recursos e institucións os que acudir en busca de axuda e apoio.

### **3. Consumo de drogas nos adolescentes.**

Información sobre o fenómeno de uso e abuso do alcohol e outras drogas.

Estratexias de intervención en prevención que permitan os pais e nais actuar como axentes preventivos dentro do ámbito familiar.

Identificación de problemas relacionados co alcohol e outras drogas e poder afrontalos de maneira axeitada.

### **4. Educación afectivo-sexual.**

Fomentar nos adolescentes conductas saudables e responsables no dearrollo da súa vida sexual, evitando riscos tanto a nivel biolóxico como emocional.

## **CONDICIÓNS DE INSCRICIÓN:**

**INSCRICIÓN:** Recoller e entregar a solicitude de inscrición en calquera dos rexistros municipais de Cambre, no período do **13 ao 20 de setembro**.

**ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:** No caso de haber máis solicitudes que prazas, haberá **sorteo o día 23 de setembro** ás 12 horas, nas oficinas municipais de Educación situadas na Barcala.

Terán preferencia en primeiro lugar as persoas empadroadas en Cambre, en segundo lugar os que traballan no municipio de Cambre e as prazas baleiras poderán ocupalas os veciños doutros concellos.

**Para saber se o solicitante está admitido** na actividade deberase chamar ao tf.: 981 613 291 **a partir do día 25 de setembro**.